

Iria Collazo, escritora: "A palabra que definiría á perfección este galardón para min neste momento é alento"

Iria Collazo (Barro, 1981) gaña o Premio Manuel García Barros con *A espera*, unha intensa exploración do amor e o desamor a través da escrita. A novela, que será publicada pola Editorial Galaxia no mes de xuño, converte a palabra en refuxio fronte ao desacougo.

Sergio Casal

29 de abril de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/iria-collazo-escritora/20260429215246254917.html>

—Que che levou a escribir esta historia de amor e desamor?

Hai oito ou nove anos que veño recompilando experiencias, sensacións e reflexións sobre da literatura, as relacións persoais e de parella, o desengano, tanto amoroso coma da propia vida, a nostalxia, o cambio ou a espera. Pólas por escrito axúdame a entender mellor o que penso e tamén a exorcizar algún deses fantasmas que todas levamos soterrados.

—É a historia de dúas persoas que se atopan na escrita pero que se afastan na vida. Que lle interesaba explorar desa tensión?

Non defino a obra tanto como unha historia, senón que máis ben, a través de frases, de citas doutros escritores e escritoras, ou do relato de vivencias íntimas, imos construíndo o universo no que habita a voz narradora, que só nalgúns fragmentos se refire directamente a un "ti"; un narratorio co que fala e intenta desafoarse, sen conseguilo. A partir da expresión do seu sentir máis fondo, das súas reflexións sobre o amor, a morte, o paso do tempo ou a esperanza de que todo mude, podemos internarnos no desacougo dunha muller que escribe para ser amada pero que non dá atopado na vida o abrazo que precisa.

—A novela está atravesada por esas citas literarias. Que papel xogan dentro da obra?

Todo está xa escrito. Ninguén pode inventar nada novo a estas alturas. Podemos desesperarnos ou intentar xogar coa forma, co estilo literario, o que para min é o realmente valioso nunha obra literaria. Podemos falar mil e unha veces na historia da literatura sobre o desamor, pero só se o contamos de maneira orixinal vai resultar atractivo para as persoas lectoras. A maxia prodúcese cando un libro consegue falarnos de temas universais e engaiolarnos como se sucedese por vez primeira. A iso axudan as grandes mentes da literatura ou da filosofía, que moitas veces serven de consolo para quen, como a narradora desta obra, se atopa desamparada. Con Duras, Ernaux,

Steiner, Valente ou Pizarnik, a voz narradora pode prepararse ante o derrubamento da súa vida. A escritora, neste caso, sèrvese deles, das súas obras ou incluso dos seus personaxes para intentar relatalo o mellor que pode.

—O libro percorre un carrusel emocional moi intenso. Como se constrúe ese equilibrio entre emoción e estrutura?

Esa intensidade é unha arma de dobre fío: axuda a construír un texto desde a sinceridade absoluta, sen ningún tipo de concesións, o que dota a un texto dunha visceralidade penso que moi atraente (ao final, o que nos atrae como animais que somos é o sangue, a calor, a verdade); pero á vez, escribir desde tanta emoción fai moi complicado elaborar un construto literario, que ten que dotarse dunhas bases sólidas se queremos que funcione. Esta obra é moi breve, sobre todo, pola dificultade que supuxo para min atopar ese equilibrio entre emoción e arquitectura.

—Que implica recibir un premio como este cunha historia tan emocional e intensa?

Se teño que ser sincera, a palabra que definiría á perfección este premio para min neste momento é alento. É un recoñecemento a un esforzo moi grande. Síntome moi agradecida.